

LOS REYES DEL MUNDO

1081

Laura Mora Ortega, 2022

ESTREA EN NUMAX: 17.03.2023 | V.O. | +7 | 103 min

«Un día todos os homes quedaron durmidos... E os cercos da terra, arderon». Unha historia sobre a desobediencia, a amizade e a dignidade que existe na resistencia. Rá, Culebro, Sere, Winny e Nano. Cinco rapaces da rúa de Medellín. Cinco reis sen reino, sen lei, sen familia, emprenden unha viaxe na procura da terra prometida. Un conto subversivo dun clan salvaxe e entrañable, que transita entre realidade e delirio. Unha viaxe cara á nada, onde pasa de todo.

«Brillante, arrebatada, vital»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Laura Mora: «Interesábame que se dislocase a percepción»

Por Alberto Acuña Navarrijo

Por que tomar a decisión de abordar temas como o sentido de pertenza, a defensa da dignidade ou a fraternidade a través dun xénero cinematográfico como o *road movie*? A cinematografía colombiana tendeu a narrar máis a historia da viaxe do campo á cidade, en gran medida polo desprazamento forzado a causa do conflito armado.

Colombia é un dos países con maior cifra de desprazamento interno no mundo, polo que eu quería contar unha viaxe á inversa, un retorno á orixe. Cando durante o proceso de *casting* de actores naturais en barrios da periferia de Medellín para *Matar a Jesús* (2017), o meu primeiro filme, se lles preguntou aos máis de noventa rapaces que entrevistamos cal era o seu maior desexo, houbo unha resposta que se repetiu: ter un lugar físico e simbólico onde ninguén os molestara.

Os desexos que eses mozos manifestaban tiveron eco nas miñas inquietudes sobre a violencia amarrada á posesión forzada da terra, que ao final é o punto neuráxico do conflito armado en Colombia. Con esa preocupación e con ese pequeno fío narrativo, decateime de que esa viaxe que quería contar supoñía acollerse a facer un filme de carreteira.

Se ben no filme son recoñecibles códigos propios do xénero (o encontro azaroso con personaxes que cambian o sentido da viaxe, os desvíos na ruta, o descubrimento introspectivo), tamén se poden identificar características que a fan particular, como o trazo da xeografía colombiana ou as paisaxes oníricas. Como fuches construíndo a personalidade do filme? Influenciada pola rebeldía dos personaxes e dos actores que os interpretaban, para min era importante desobedecer a imposición e as convencións do xénero, polo que pensei que esta viaxe non ía ser tan realista, tamén ía ser unha viaxe á imaxinación e ao delirio.

Tamén me interesaba que dentro deses desvíos que ocorrían no traxecto, a un lle quedase a dúbida de se eses personaxes que ían encontrando -como as prostitutas envellecidas que os acollen maternalmente nese bordel perdido no tempo, o campesiño autoexiliado do mundo ou o matrimonio que vive nunha casa ruínosa- eran reais ou imaxinarios, se estaban vivos ou mortos. Que se dislocase a percepción, porque como este é un filme sobre uns reis sen reino que desde o inicio están sendo expulsados dunha cidade que ten donos, o territorio do cal nunca poderán ser excluídos ten que ser o do onírico e o simbólico.

Cales foron as referencias visuais das que falaches co director de fotografía, David Gallego? Houbo varios filmes que para min foron moi importantes neste proceso, desde *Los olvidados* (Luis Buñuel, 1950) ata *Nostalxia* (Andrei Tarkovski, 1983) e *Paisaxe na néboa* (Theo Angelópoulos, 1988), que teñen un ritmo e unha narrativa que me interesaba un montón.

Pero eu son máis de referentes fotográficos, neste caso influencioume o traballo de xente como Graciela Iturbide e Sally Mann, de quen me gusta moito como retrata os corpos dos rapaces; ela ten un libro moi fermoso que se chama *Immediate family* (1992) onde fotografou os seus tres fillos cando eran nenos, e nese traballo atraíame moito como se achegou a eles dunha maneira moi íntima e profunda.